



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa
do SLG

05-09-2008

O Contrato Homologado da Castaña é unha estratexia para dotar á industria de produción a baixo prezo.

Na tarde de hoxe, representantes do SLG víronse na obriga de dar declaracións na porta de entrada do Centro Tecnolóxico da Carne (Parque Tecnolóxico de Galiza- Ourense), ao non permitírselles dicir en voz alta, na estancia onde vén de se proceder á firma do Contrato Homologado da Castaña, os motivos pelos que non estamos dispostas a firmar devandito contrato.

O Sindicato Labrego Galego non está disposto a firmar un contrato no que:

- Os prezos que se establecen no contrato non cobren a demanda de prezo do sector produtor. O calibre máis habitual, 90-100 castañas por kilo, asínase neste documento cun importe que é a metade do prezo medio cobrado pelos produtores/as o ano pasado, sen contrato.

- A cantidade establecida como entrega mínima para poder asinar este contrato coa industria é de 20.000kg por produtor/a individual. Isto significa deixar fóra de contrato á práctica totalidade dos produtores/as de castaña deste país, xa que novamente nos atopamos perante dun contrato para as grandes producións, privando da estabilidade que podería proporcionar este contrato ás explotacións produtoras de castañas da Galiza.

- Este contrato obriga a entregar toda a produción a unha mesma industria, o cal coarta a liberdade de mercado do/a produtor/a, impedíndolle facer contratos con outras empresas, transformar as castañas ou vendela pola súa conta.

Ademais, téñenlla que “poñer en muelle” ás industrias, un custo engadido para o produtor/a que non se ve reflectido no prezo establecido

neste contrato, xa este non cobre ni tan sequera a propia produción da castaña.

Por estes motivos, o Sindicato Labrego entende que **este é un contrato deseñado á medida da industria, feito que xa se confirmara no propio proceso de negociación, no que non se admitiron ningunha das propostas presentadas polo sector produtor.**

O Contrato Homologado da Castaña é unha nova estratexia para dotar á industria de produción a baixo prezo.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral: 619 348 426

Charo Sánchez Parga, vogal do SLG no CRAEGA: 669 651 700